

ACTA DA CUARTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

D. Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Defensa do Monte
D. Miguel Ángel Cela González
Subdirector Xeral de Prevención
Don Alberte Piñeiro Tubío
Xefe do Servizo de actuacións preventivas

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Doña Lucía González Louro
Técnico da Fegamp

POR SEAGA:

D. Pablo Arbones Maciñeira
Director Xerente de Seaga
D. Antonio Barral Álvarez
Licenciado en Dereito de Seaga
Doña Carmen Paz López
Enxeñeira de Montes de Seaga

En Santiago de Compostela, as 12:00 horas, do día 14 de marzo de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnen-se os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

- I.- Aprobación da proposta de parroquias prioritarias para actuacións sobre o territorio**
- II.- Aprobación dos criterios para delimitación das faixas secundarias dos Concellos con PXOM adaptado e dos concellos sen PXOM**
- III.- Aprobación dos acordos de comunicación aos Concellos solicitantes de adhesión e os Concellos prioritarios**
- IV.- Definición das próximas actuacións**

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE PARROQUIAS PRIORITARIAS PARA ACTUACIÓN SOBRE O TERRITORIO

Preséntase por parte da Consellería a proposta de parroquias prioritarias baseada nos seguintes criterios:

Criterio 1 : Parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI) ou parroquias nas que se activase a situación operativa 2 do PEIFOGA (SIT2).

Criterio 2 : Parroquias en concellos ZAR (Zonas de Alto Risco de Incendios Forestais) clasificadas por número de incendios con un máximo de 3 parroquias por concello

Criterio 3: Parroquias non ZAR clasificadas por número de incendios con un máximo de 2 parroquias por concello

O cadro resumo da aplicación destes criterios por provincia é:

CRITERIO	1	2	3	
	SIT2 E PAAI	ZAR e Nº DE INC	NON ZAR e Nº DE INC	Total Ha
C	1337,63	0,00		1337,63
LU	122,76	545,92	344,00	1012,67
OU	813,15	272,80		1085,95
PO	546,38	584,95		1131,33
	2819,92	1403,67	344,00	4567,58
Parroquias	40	22	6	68

Seguindo este criterio e respectando o principio de proporcionalidade establecido no convenio actuaríase nun total de 68 parroquias e nunha superficie de 4.567 Ha.

Parroquias a actuar co criterio PAAI e SIT2 (40 parroquias)

Entidades	Sup faixas
15	1337,63
BOIRO	271,44
Boiro (Santa Baia)	157,27
Cures (Santo André)	83,37
Macenda (San Xoán)	30,80
CARBALLO	123,18
Carballo (San Xoán)	123,18
CORUÑA (A)	55,81
Visma (San Pedro)	55,81
LOUSAME	127,36
Tállara (San Pedro)	127,36
PORTO DO SON	315,07
Baroña (San Pedro)	88,11
Caamaño (Santa María)	59,29
Ribasieira (San Fins)	35,35
Xuño (Santa Mariña)	132,33
TEO	444,77
Cacheiras (San Simón de Ons)	192,63
Calo (San Xoán)	252,14
27	122,76
LUGO	67,47
Bóveda (Santa María)	67,47
SOBER	55,29
Anllo (Santo Estevo)	55,29
32	813,15
AVIÓN	57,88

Nieva (Santa María)	57,88
BARCO DE VALDEORRAS (O)	17,62
Millarouso e Santurxo (A Concepción)	17,62
BOBORÁS	79,36
Albarellos (San Miguel)	50,80
Xurenzás (San Pedro)	28,56
CUALEDRO	77,06
A Xironda (San Salvador)	21,97
Lucenza (Santa María)	17,27
Montes (Santa Baia)	27,41
San Millao (Santa María)	10,41
ENTRIMO	39,70
A Illa (San Lourenzo)	39,70
LAZA	8,77
Camba (San Salvador)	8,77
MERCA (A)	132,57
A Merca (Santa María)	77,55
A Mezquita (San Pedro)	55,02
MUÍÑOS	50,34
Prado de Limia (San Salvador)	28,67
Requiás (Santiago)	21,68
OIMBRA	92,23
A Granxa (San Xoán)	26,24
Bousés (Santa Baia)	18,78
Oímbra (Santa María)	47,21
PADERNE DE ALLARIZ	51,47
Cantoña (San Mamede)	22,74
Solbeira (San Salvador)	28,73
RAIRIZ DE VEIGA	58,72
Guillamil (Santo André)	58,72
SANDIÁS	84,42
Sandiás (Santo Estevo)	84,42
VILARDEVÓS	62,99
Osoño (San Pedro)	62,99
36	546,38
CAÑIZA (A)	220,53
Valeixe (Santa Cristina)	220,53
FORNELOS DE MONTES	25,23
Oitavén (San Vicente)	25,23
SOUTOMAIOR	300,62
Arcade (Santiago)	77,43
Soutomaior (San Salvador)	223,19
Total general	2819,92

Parroquias ZAR clasificadas por número de incendios con un máximo de 3 parroquias por concello

Lugo

CONCELLO	Ano	PARROQUIA	Numinc	Sup faixa	Acumulado
LUGO	2018	Pedreda (San Vicente)	33	76,40	76,40
LUGO	2018	Lugo	29	233,89	310,29
LUGO	2018	Muxa (Santa María)	25	40,05	350,35
INCIO (O)	2018	Vilasouto (San Mamede)	12	28,47	378,81
INCIO (O)	2018	Foilebar (Santa María)	10	36,62	415,43
INCIO (O)	2018	Toldaos (Santiago)	9	34,82	450,25
RIBAS DE SIL	2018	Peites (San Martiño)	7	10,60	460,85
RIBAS DE SIL	2018	Ribas de Sil (San Clodio)	7	76,87	537,72
RIBAS DE SIL	2018	Rairos (Santa Lucía)	3	8,20	545,92

Ourense

CONCELLO	Ano	PARROQUIA	Numinc	Sup faixa	Acumulad o
VILARDEVÓS	2018	Vilar de Cervos (San Vicente)	53	21,18	21,18
XINZO DE LIMIA	2018	Xinzo de Limia (Santa Mariña)	49	104,46	125,64
MUÍÑOS	2018	As Maus de Salas (Santa Baia)	41	13,58	139,22
LAZA	2018	O Castro de Laza (San Pedro)	39	51,23	190,45
VILARDEVÓS	2018	Terroso (Santa Cruz)	37	24,96	215,41
CARBALLEDA DE AVIA	2018	Abelenda das Penas (Santo André)	36	28,88	244,29
OIMBRA	2018	Videferre (Santa María)	36	28,51	272,80

Pontevedra

CONCELLO	Ano	PARROQUIA	Numinc	sup,N,19,11	Acumulado
FORNELOS DE MONTES	2018	Traspielas (Santa María)	56	50,34	50,34
MOS	2018	Cela (San Pedro)	52	145,63	195,97
RODEIRO	2019	Arnego (Santiago)	43	32,35	228,32
CAÑIZA (A)	2018	As Achas (San Sebastián)	38	113,39	341,71
CAÑIZA (A)	2018	Parada das Achas (Santiago)	38	130,87	472,58
CAÑIZA (A)	2018	Oroso (Santa María)	33	112,38	584,95

Parroquias non ZAR clasificadas por número de incendios con un máximo de 2 parroquias por concello

Lugo

CONCELLO	Ano	PARROQUIA	Numinc	Sup faixa	Acumulado
RIBADEO	2019	Ove (San Xoán)	28	97,55	97,55
PEDRAFITA DO CEBREIRO	2018	Lousada (San Vicente)	19	29,18	126,73
XERMADE	2018	Cazás (San Xulián)	15	28,45	155,18
XERMADE	2018	Lousada (Santo André)	11	41,54	196,72
PASTORIZA (A)	2019	A Regueira (San Vicente)	9	94,98	291,70
SOBER	2018	Doade (San Martiño)	9	52,30	344,00

A Comisión, tras o visto e prace da FEGAMP, aproba por unanimidade a proposta de parroquias prioritarias presentada.

II.- APROBACIÓN DOS CRITERIOS PARA DELIMITACIÓN DAS FAIXAS SECUNDARIAS DOS CONCELLOS CON PXOM ADAPTADO E DOS CONCELLOS SEN PXOM

A FEGAMP comunica que súa executiva está conforme cos criterios que se comunicaron dende a Comisión para a delimitación das faixas secundarias nos concellos con PXOM adaptado e naqueles que non dispoñen de PXOM.

Queda polo tanto aprobado o criterio establecido na anterior reunión da Comisión para a delimitación das faixas secundarias nestes concellos.

III.- APROBACIÓN DOS ACORDOS DE COMUNICACIÓN AOS CONCELLOS SOLICITANTES DE ADHESIÓN E OS CONCELLOS PRIORITARIOS

- Apróbese un documento que se incorpora como Anexo I á acta para confirmarlle aos Concellos adheridos os traballos de planificación que se levarán a cabo en cada Concello en función da súa situación en relación ao PXOM. Nese documento informase que as actuacións subsidiarias iniciadas con antelación á adhesión e paralizadas por falta de recursos do Concello entrarían dentro do Convenio.

- Apróbese un documento que se incorpora como Anexo II á acta para indicarlle aos Concellos priorizados cales serán as parroquias de actuación e cal vai ser o procedemento a seguir, informando que, a través do Concello, poderán adherirse os propietarios ou responsables de xestión ao sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias. A tarifa será de 350 € por Hectárea (máis o IVE que corresponda).

IV.- DEFINICIÓN DAS PRÓXIMAS ACTUACIÓNS

A continuación establécese o plan das vindeiras actuacións:

- Facilitase aos membros da Comisión un listado dos concellos de Galicia segundo teñan o PXOM adaptado, teñan o PXOM sen adaptar ou non teñan PXOM, distinguindo entre Concellos adheridos e non adheridos

- Vaise traballar na elaboración dos Plans dos 70 Concellos adheridos con PXOM adaptado e nos 20 Concellos adheridos que carecen de PXOM segundo os criterios aprobados pola Comisión.

- A Comisión de seguimento propoñerá á persoa titular da Consellería do Medio Rural a resolución de aceptación de adhesión que se notificará aos concellos adheridos.

- Convocaranse reunións por provincias tanto para concellos adheridos como para no adheridos para explicarlles o procedemento de delimitación de faixas nos casos de PXOM actualizado e nos casos que non teñen PXOM (serían reunións independentes)
- Créase un grupo de traballo para elaborar os documentos administrativos que sexan precisos para o procedemento subsidiario e para establecer as fases e as formas en que se terán que aprobar os Plans por parte dos Concellos co obxecto de unificar o máis posible os procedementos.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión da Comisión, sendo as 14.00 horas da data sinalada no encabezamento.


Santiago, 8 de abril de 2019

A secretaria



Lucía González Louro

O presidente



Tomás Fernández-Couto Juanas

ANEXOS

ANEXO I

Examinadas as solicitudes de adhesión ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias presentadas para os exercicios 2018 e 2019, a Comisión de seguimento adoptou na reunión do día 14 de marzo de 2019 os seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Conforme ao previsto na cláusula segunda, letra c) do Convenio dentro da colaboración económica e a cooperación técnica acórdase a prestación pola Administración Autonómica de asistencia técnica e o apoio aos concellos adheridos para a tramitación por estes dos procedementos de aprobación de plans de prevención, delimitación de faixas e de execución subsidiaria da súa competencia.

Segundo.- Apróbanse as solicitudes de adhesión dos seguintes concellos:

Concellos A Coruña (47)		
PORTO DO SON	RIANXO	VALDO DUBRA
RIBEIRA	VIMIANZO	BOQUEIXÓN
BOIRO	BRIÓN	IRIXOA
CARNOTA	FENE	OROSO
CARBALLO	MAÑÓN	VEDRA
MUROS	TEO	CARRAL
OUTES	FISTERRA	COIRÓS
CORUÑA (A)	MUGARDOS	FRADES
CAMARIÑAS	ORTIGUEIRA	ORDES
LARACHA	VALDOVIÑO	PADRÓN
LOUSAME	BAÑA (A)	CERDIDO
AMES	DODRO	SOMOZAS (AS)
ARTEIXO	ABEGONDO	TOURO
CABANA DE BERGANTIÑOS	CABANAS	MOECHE
MELIDE	ROIS	SAN SADURNIÑO
NOIA	SANTA COMBA	

Concellos Lugo (38)		
LUGO	GUNTÍN	BECERREÁ
FRIOL	MONTERROSO	CASTRO DE REI
NAVIA DE SUARNA	SARRIA	CERVO
PALAS DE REI	SAVIÑAO (O)	FOLGOSO DO COUREL
QUIROGA	TABOADA	PÁRAMO (O)
SOBER	CORGO (O)	POBRA DE BROLLÓN (A)
MONFORTE DE LEMOS	MONDOÑEDO	PORTOMARÍN
PANTÓN	PASTORIZA (A)	RIOTORTO
RIBEIRA DE PIQUÍN	PEDRAFITA DO CEBREIRO	TRABADA
INCIO (O)	XERMADE	TRICASTELA
RIBAS DE SIL	XOVE	RIBADEO
BÓVEDA	ANTAS DE ULLA	BARREIROS
COSPEITO	BALEIRA	

Concellos Ourense (54)		
CUALEDRO	CARBALLEDA DE AVIA	CORTEGADA
MUÍÑOS	MERCA (A)	BANDE
OÍMBRA	RAIRIZ DE VEIGA	BOLO (O)
MONTERREI	XINZO DE LIMIA	PEROXA (A)
CHANDREXA DE QUEIXA	CALVOS DE RANDÍN	QUINTELA DE LEIRADO
AVIÓN	CASTRO CALDELAS	CASTRELO DO VAL
BOBORÁS	MASIDE	PETÍN
ENTRIMO	PADRENDA	TOÉN
LAZA	RIÓS	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
VILARDEVÓS	RUBIÁ	CARTELLE
OURENSE	ESGOS	GOMESENDE
PIÑOR	LEIRO	RIBADAVIA
VEIGA (A)	SANDIÁS	SARREAUS
VERÍN	CASTRELO DE MIÑO	TEIXEIRA (A)
VILARIÑO DE CONSO	COLES	VILAR DE SANTOS
BARCO DE VALDEORRAS (O)	NOGUEIRA DE RAMUÍN	CENLLE
PADERNE DE ALLARIZ	PEREIRO DE AGUIAR (O)	TABOADELA
PARADA DE SIL	TRASMIRÁS	PUNXÍN

Concellos Pontevedra (38)		
SOUTOMAIOR	SALCEDA DE CASELAS	BARRO
ARBO	MOS	MARÍN
NEVES (AS)	TUI	MEIS
PONTEAREAS	VALGA	MOAÑA
TOMIÑO	CRECENTE	RODEIRO
CAÑIZA (A)	MONDARIZ	SANXENXO
FORNELOS DE MONTES	POIO	CAMPO LAMEIRO
CERDEDO - COTOBADE	MONDARIZ – BALNEARIO	COVELO (O)
NIGRÁN	REDONDELA	GROVE (O)
GONDOMAR	ESTRADA (A)	GUARDA (A)
OIA	AGOLADA	MEAÑO
PAZOS DE BORBÉN	FORCAREI	SILLEDA
PONTE CALDELAS	LAMA (A)	

Terceiro.- Estarán incluídas para todos os concellos adheridos as seguintes actuacións en materia de planificación:

a) Realización das seguintes actuacións documentais que sirvan de base aos actos xurídicos que integran os procedementos de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, definición e determinación das faixas secundarias e de declaración polos concellos adheridos da obriga de execución subsidiaria:

– Elaboración técnica da documentación necesaria para a aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e en particular, para o labor necesario para determinar e definir as faixas secundarias de xestión de biomasa da súa competencia.

– Preparar tecnicamente as comunicacións que conforme o artigo 22 da Lei de prevención de incendios deben ser enviadas polos concellos ás persoas responsables polos concellos lembrando a obriga de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas, advertindo da execución subsidiaria con repercusión de custos no caso de que non se cumpran as ditas obrigas e, de ser o caso, comiso das árbores.

– Elaboración técnica do anuncio para ser publicado no DOG e BOE con indicación dos datos catastrais da parcela cando non se puidese determinar a identidade das persoas responsables ou resulte infrutuosa a dita comunicación.

– Elaboración técnica dos documentos base dos actos administrativos para iniciar o procedemento de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas.

– Elaboración técnica dos documentos base para dar traslado da resolución de execución subsidiaria ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador para que se incoe o antedito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies arbóreas prohibidas.

– Preparar os documentos necesarios para proceder á venda das ditas especies arbóreas comisadas.

– Elaborar os documentos que permitan delimitar as zonas de actuación prioritaria e urxente nas cales o incumprimento das obrigas de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas habilite a Administración pública competente para proceder de modo inmediato á execución subsidiaria de tales obrigas, pola presenza de factores obxectivos de risco.

b) Realización material das actuacións de xestión de biomasa, derivadas da resolución de execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa adoptada polos concellos adheridos. Estas actuacións subsidiarias deberán estar iniciadas con antelación a adhesión e paralizadas por falta de recursos do Concello. Esta actuación de execución subsidiaria comprenderá a redacción do proxecto para a execución subsidiaria se fose necesario polas características da actuación ou doutro documento técnico que deba servir de base ás actuacións, así como a elaboración do documento/liquidación de custos da execución subsidiaria, que comprenderá todos os gastos ocasionados como consecuencia dela.

Cuarto.- Para os efectos das actuacións materiais de execución subsidiaria e de acordo co previsto no artigo 22.4 da Lei 3/2007, en virtude do presente instrumento de colaboración considerárase como Administración actuante á Administración Xeral da Comunidade Autónoma, polo que as cantidades que, de ser o caso, se perciban da venda das especies arbóreas incluídas na execución subsidiaria se destinarán ao Fondo de Xestión da Biomasa e Retirada de Especies previsto no artigo 22 bis da Lei 3/2007. O destino deste fondo será o de sufragar os custos das execucións subsidiarias que teña que realizar a Administración forestal autonómica.

Así mesmo, Seaga, como Administración actuante nestes casos de execución subsidiaria, percibirá o importe dos custos de xestión repercutidos á persoa responsable, que comprenderá todos os gastos ou custos en que se incorra como consecuencia desta. En particular, de acordo co establecido no artigo 22.4 da Lei 3/2007, para a liquidación dos custos correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda ou custo dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria e, polo tanto, non sexa posible a esixencia e recadación dos custos dos traballos, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como Administración actuante, asumirá aqueles con cargo aos seus orzamentos, para o efecto de ser considerada beneficiaria da expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade regulada no artigo 22.9 da Lei 3/2007, do 9 de abril

En Santiago de Compostela a 14 de marzo de 2019

ANEXO II

Examinadas as solicitudes de adhesión ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias presentadas para os exercicios 2018 e 2019, a Comisión de seguimento adoptou na reunión do día 14 de marzo de 2019 os seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Respectando o principio de proporcionalidade e de acordo cos criterios de prioridade recollidos no Convenio de Colaboración, a Comisión de seguimento determina a actuación nas seguintes parroquias dos concellos adheridos para a anualidade 2019:

A CORUÑA	
CONCELLO - Parroquia	Superficie considerada (Ha.)
BOIRO	271,44
Boiro (Santa Baia)	157,27
Cures (Santo André)	83,37
Macenda (San Xoán)	30,80
CARBALLO	123,18
Carballo (San Xoán)	123,18
CORUÑA (A)	55,81
Visma (San Pedro)	55,81
LOUSAME	127,36
Tállara (San Pedro)	127,36
PORTO DO SON	315,07
Baroña (San Pedro)	88,11
Caamaño (Santa María)	59,29
Ribasieira (San Fins)	35,35
Xuño (Santa Mariña)	132,33
TEO	444,77
Cacheiras (San Simón de Ons)	192,63
Calo (San Xoán)	252,14

LUGO	
CONCELLO - Parroquia	Superficie considerada (Ha.)
LUGO	417,81
Bóveda (Santa María)	67,47
Pedreda (San Vicente)	76,40
Lugo	233,89
Muxa (Santa María)	40,05
SOBER	107,59
Anllo (Santo Estevo)	55,29

Doade (San Martiño)	52,30
INCIO (O)	99,91
Vilasouto (San Mamede)	28,47
Foilebar (Santa María)	36,62
Toldaos (Santiago)	34,82
RIBAS DE SIL	95,67
Peites (San Martiño)	10,60
Ribas de Sil (San Clodio)	76,87
Rairos (Santa Lucía)	8,20
RIBADEO	97,55
Ove (San Xoán)	97,55
PEDRAFITA DO CEBREIRO	29,18
Lousada (San Vicente)	29,18
XERMADE	69,99
Cazás (San Xulián)	28,45
Lousada (Santo André)	41,54
PASTORIZA (A)	94,98
A Regueira (San Vicente)	94,98

OURENSE	
CONCELLO - Parroquia	Superficie considerada (Ha.)
AVIÓN	57,88
Nieva (Santa María)	57,88
BARCO DE VALDEORRAS (O)	17,62
Millarouso e Santurxo (A Concepción)	17,62
BOBORÁS	79,36
Albarellos (San Miguel)	50,80
Xurenzás (San Pedro)	28,56
CUALEDRO	77,06
A Xironda (San Salvador)	21,97
Lucenza (Santa María)	17,27
Montes (Santa Baia)	27,41
San Millao (Santa María)	10,41
ENTRIMO	39,70
A Illa (San Lourenzo)	39,70
LAZA	60,00
Camba (San Salvador)	8,77
O Castro de Laza (San Pedro)	51,23
MERCA (A)	132,57
A Merca (Santa María)	77,55
A Mezquita (San Pedro)	55,02
MUÍÑOS	63,93

Prado de Limia (San Salvador)	28,67
Requiás (Santiago)	21,68
As Maus de Salas (Santa Baia)	13,58
OIMBRA	120,74
A Granxa (San Xoán)	26,24
Bousés (Santa Baia)	18,78
Oímbra (Santa María)	47,21
Videferre (Santa María)	28,51
PADERNE DE ALLARIZ	51,47
Cantoña (San Mamede)	22,74
Solbeira (San Salvador)	28,73
RAIRIZ DE VEIGA	58,72
Guillamil (Santo André)	58,72
SANDIÁS	84,42
Sandiás (Santo Estevo)	84,42
VILARDEVÓS	109,13
Osoño (San Pedro)	62,99
Vilar de Cervos (San Vicente)	21,18
Terroso (Santa Cruz)	24,96
XINZO DE LIMIA	104,46
Xinzo de Limia (Santa Mariña)	104,46
CARBALLEDA DE AVIA	28,88
Abelenda das Penas (Santo André)	28,88

PONTEVEDRA	
CONCELLO - Parroquia	Superficie considerada (Ha.)
CAÑIZA (A)	577,17
Valeixe (Santa Cristina)	220,53
As Achas (San Sebastián)	113,39
Parada das Achas (Santiago)	130,87
Oroso (Santa María)	112,38
FORNELOS DE MONTES	75,57
Oitavén (San Vicente)	25,23
Traspielas (Santa María)	50,34
SOUTOMAIOR	300,62
Arcade (Santiago)	77,43
Soutomaior (San Salvador)	223,19
MOS	145,63
Cela (San Pedro)	145,63
RODEIRO	32,35
Arnego (Santiago)	32,35

Segundo.- De acordo co establecido no Anexo II do Convenio de Colaboración a Administración Autonómica realizará a prestación do sistema público de xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas redes de faixas de xestión de biomasa destas parroquias mediante a formalización con SEAGA de contratos de xestión da biomasa cos responsables de xestión.

Terceiro.- O acceso á prestación do servizo será voluntario para os propietarios e efectuarase, a través dos Concellos, mediante a formalización dos contratos de xestión da biomasa. A adhesión poderá realizarse cando o Concello de publicidade do proxecto concreto de actuacións e parcelas nas que se prevén as actuacións.

Cuarto.- A tarifa que deberá ser obxecto de abono polas persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa que formalicen o contrato será de 350 euros máis o IVE que corresponda por hectárea e anualidade. Esta cantidade uniforme para todas as persoas responsables, fíxase como inferior aos costes económicos totais das actividades prestadas, de acordo co réxime económico xurídico do servizo que se recolle, tendo en conta o interese público presente na prevención dos incendios forestais.

En Santiago de Compostela a 14 de marzo de 2019